

Actualización de Ferramentas dixitais para docentes



Este curso realizarase en rede, na aula virtual do centro e a través da plataforma de videoconferencia da Consellería (Webex). Ten unha duración de 10 horas, que se realizarán en rede.

O **obxectivo principal** é dotar ao profesorado coas competencias e coñecementos básicos para poder organizar e xestionar de xeito básico un curso na aula virtual do centro e adquirir o dominio básico da Plataforma Cisco Webex.

Contidos

Aula virtual (Webs dinámicas):

- Configuración de perfil.
- Creación de cursos.
- Matriculación de usuarios.
- Recursos básicos (Etiqueta, ficheiro, url e carpeta).
- Actividades de comunicación (foro).
- Actividades de entrega (tarefa, glosario, base de datos).
- Copia de seguridade.

Plataformas de videoconferencia institucionais: Cisco Webex/Falemos EDU.

Avaliación, certificación e tarefas

É imprescindible iniciar o curso presentándose no Foro de presentación do curso antes do 4 de outubro.

Para poder certificar esta actividade formativa, deberá obter **unha avaliación positiva do 80 % do peso das tarefas propostas**, que se mostran a continuación:

Nome da tarefa	Ponderación	Evidencias
0. Presentación no foro	0%	Comentario no foro
1. Edición do perfil.	10%	Datos completos na AV
2. Creación dun curso e matricula de usuarios	15%	Enlace ao curso creado na AV
3. Introducción de recursos básicos (arquivo, cartafol, etiqueta, URL)	15%	Captura de pantalla

4. Introducción de actividades de comunicación (Foro)	10%	Captura de pantalla
5. Introducción de actividades de entrega (tarefa)	15%	Captura de pantalla
6. Dar feedback dunha tarefa entregada	15%	Captura de pantalla
7. Crear unha actividade (glosario ou base de datos)	10%	Captura de pantalla
8. Creación dunha copia de seguridade	10%	Enviar o arquivo de copia de seguridade
Tarefas opcionais		
9. Acceder á plataforma de videoconferencias, planificar sesión e compartir pantalla	Opcional	Entrega tarefa na AV: Captura pantalla
Total Puntuación	100%	

A **data límite de entrega de todas as tarefas** será o **15 de outubro ás 23:59**. A avaliación de cada tarefa será de *completa ou incompleta*.